

CRITERIOS DE ADHESIÓN

1. Cada entidade deportiva / clube só pode solicitar a adhesión ao Programa NUNHA MODALIDADE DEPORTIVA.
2. Unha modalidade deportiva pode ser impartida por diferentes entidades deportivas / clubes.
3. É necesario estar inscrito no Rexistro Municipal de Entidades do Concello de Marín para adherirse ó Programa. No caso de que unha modalidade deportiva resulte deserta, o Concello de Marín resérvase o dereito de aceptar a adhesión de entidades non inscritas.

OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

A adhesión a unha modalidade deportiva por parte dunha entidade deportiva / clube, ten as seguintes obrigas:

- Participar na Gala de Presentación das EDM o día 2 de setembro no emprazamento indicado pola Concellaría de Deporte e Xuventude do Concello de Marín de xeito activo.
- Impartir a actividade, como mínimo, dúas horas á semana. Calquera modificación posterior nos horarios publicados na inscrición dos participantes terá que contar co visto bó desta Concellaría.
- Xestionar as inscricións dos participantes en canto a número de participantes. A inscrición consiste na recollida do formulario de inscrición e do xustificante bancario de ingreso / transferencia bancaria de 50 euros. O ingreso de 50 euros por participantes será xestionado na conta bancaria da entidade deportiva.
- Para proceder á liquidación da adhesión ó Programa, a entidade presentará no Rexistro do Concello de Marín a relación dos participantes nun arquivo excel que será proporcionado dende a Concellaría de Deporte e Xuventude do Concello de Marín. Acompañarán a este arquivo, os formularios de inscrición e os xustificantes bancarios indicados no punto anterior.
- A entidades deportivas / clubes, ademais da documentación indicada no punto anterior, presentarán unha factura co importe que se lle indicará dende esta Concellaría que resulta do cálculo resultante de pagar 155 euros (cando a modalidade se imparte en instalación municipal) ou 175 euros (cando a modalidade non se imparte en instalación municipal) por cada grupo de xeito mensual, descontados os importes aboados polos participantes (50 euros por participante).
- Os participantes nas EDM non están obrigados a federarse con ningún club, non están obrigados a participar en actividades do clube organizador e non están obrigados a mercar equipación deportiva propia do clube.
- Os horarios das EDM non poderán ser destinadas á práctica deportiva federada.
- Contar cun monitor por cada grupo, coa titulación correspondente ó deporte. Unha vez adxudicada a EDM, o organizador dispón de prazo ata o comezo da EDM para presentar no Rexistro do Concello o listado de adestradores, a titulación de cada un deles e o certificado de delitos sexuais.
- Levar o control de asistencia e presentalo xunto coa memoria final da actividade, antes do 15 de xuño.
- O concello contará cun seguro de accidentes deportivos para os participantes na EDM. Contar cun seguro de responsabilidade civil no caso de impartir a actividade nunha instalación non municipal aportada polo adxudicatario.

SOLICITUDE DE ORGANIZACIÓN

- A entidade / clube deportivo cumprimentará a folla 1 deste documento.
- A mesma será enviada ao Concello de Marín por sede electrónica e ó e-mail deporte.juventud@concellodemarin.es (obrigatorio ambos envíos)
- No e-mail indicarán os seguintes datos:
 - Días e horas a impartir a actividade.
 - Idades á que vai dirixida a actividade.
 - De ser o caso, exixencias para participar na actividade.
 - Lugar de impartición.
 - Número mínimo e máximo de participantes por grupo
 - Mecanismo de inscrición para os participantes

PRAZOS EDM 2022-2023

- 10-19 AGOSTO Prazo para a presentación de adhesión por parte das entidades.
- 22 AGOSTO Comunicación ás entidades adxudicatarias.
- 2 SETEMBRO Presentación das EDM en Marín
- 5-30 SETEMBRO Prazo de inscrición para participantes
- 1 OUTUBRO Inicio das EDM 22/23
- 21 DECEMBRO Fin do primeiro período – Presentación de factura co 50% do total a aboar polo Concello
- 9 XANEIRO Inicio do segundo período
- 1 MARZO Prazo para presentar a segunda e última factura correspondente ó último 50% de importe a aboar polo Concello.
- 31 MAIO Fin das EDM 22/23.
- As escolas deportivas municipais coinciden co calendario escolar e non se levarán a cabo nas principais datas de vacacións como Nadal, Entroido ou Semana Santa, ademais de días festivos locais, autonómicos ou nacionais.